

## Familias




### Coleccións Saber vivir e *Que me dis de...?*

Tratan de forma sinxela e gráfica os problemas que preocupan ás familias: redes sociais, alimentación, sexualidade, globalización, comprensión entre pais e fillos...

## Echo Park


Harry Bosch ten a oportunidade de reabrir o caso do asasinato de Marie Gestono, que quedara sen resolución. Cando o pechara, quedara coa desagradable sensación de deixar escapar ao culpable por obviar un detalle da investigación.



## A praia dos afogados


Leo Caldas, enfróntase a un novo caso, Ambientado esta vez na Praia da Madorra, nos arredores de Panxón e nas rúas de Vigo.

É unha novela intrigante, das que non se poden deixar ata coñecer o final.



## Katharine Hepburn (Biografía)

Di o autor: *Este libro non é un estudo crítico da vida de Katharine Hepburn nin da súa carreira. É un relato da súa vida tan verdadeiro como podo presentalo, baseado en incontables conversas nas que ela buscaba entre as súas lembranzas.*



BIBLIOTECAS ESCOLARES  
E MUNICIPAIS DE  
REDONDELA

SUXESTIÓNS  
LECTORAS  
VERÁN 2011



## 1º Ciclo ESO





### O segredo da pedra figueira

Lazo, unha rapaza de doce anos, emprende viaxe coa súa tribo dos Amala desde a illa de Rocasul cara ao Sur. A avoa Sensatanai cóntalle a historia dos aterrificos Lurpios, que botaran a tribo da illa de Tule por atopar unha espada coa que mataron o Gran Dragón.

### El silencio del asesino.

Os dous belos salgueiros daban vida ao xardín da mansión Twin Willows Manor, tamén escondían algo terrorífico. Unha escavadora derruba unha daquelas árbores e cambia a vida de Ernest Morrison. Un cadáver, un xuízo, miles de recordos, testemuños dolorosos...



### Verano en vaqueros

Primeiro libro da serie de Ann Brashares. Catro amigas que sempre pasaran o verán xuntas teñen que separarse por primeira vez, pero antes de facelo deciden fundar o Clan dos Pantalóns Vaqueros.

Un libro que fala das historias que non se ven, das que están agochadas e nin sequera se sabe que existen. Historias de había unha vez e de princesas e de pantasmas e de... Parecen as de sempre. Pero xa verás que non. Neste libro atoparás páxinas absolutamente fascinantes. E versos e personaxes que chegan moi dentro.

### As outras historias



## 2º Ciclo ESO



### La Catedral

Telmo parte de Navarra cara a Bretaña. Alí o mozo artesán vai participar na construción da catedral de \*Kerloch, financiada pola Orde do \*Aguila de San Juan. Pero esa estraña e colosal catedral encerra terribles crimes e macabras ofrendas.

### O pintor do sombreiro de malvas

Un adolescente é enviado pola súa nai dende París a pasar cunha tía unha boa tempada na vila de Auvers. Durante aqueles días do verán de 1890, coñecerá a Vincent, un pintor que semella beberse a vida con cada violenta pincelada sobre o lenzo.



### Dragan II

#### A metamorfose do dragón

Coa policía investigando o estraño roubo da igrexa de San Pedro, Mónica prepárase para acudir á súa cita na Poza da Moura. A moza non sabe aínda que a noticia da desaparición de Hadrián.

### Las chicas de alambre


Jon Boix ten 25 anos e é xornalista. A súa nova reportaxe trata de aclarar o misterio dunha das máis famosas top models, desaparecida hai dez anos. Esta novela descobre as reviravoltas do anhelado e envexado mundo das modelos.



## Bacharelato e Ciclos FP

### El Proceso

Un clásico do que procede a expresión "situación kafkiana": K. é detido e xulgado sen que en ningún momento poida chegar a entender de que se lle acusa ou que argumentos se dan no xuízo. Non é así, en certo modo, a nosa vida?



### Que desfeita!



Un libro grande que contén historias moi curtas, moi divertidas para aprender a ver cousas moi cotiás doutra maneira. Historias de malos disparatados. Humor e irreverencia no novo libro do autor de Vaiche boa!

### Arte

Nesta obra de teatro fórmulase a pregunta sobre que é unha obra de arte a partir da historia de tres amigos que sempre o foron ata que un deles compra unha sorprendente pintura...



### Resurrección

"Morta e viva asemade. Tiven que morrer para coñecelo... Para descubrir o que é o amor verdadeiro. Para sentir que todo, ao final, si ten un sentido". Emma, aos seus dezasete anos, vivu unha experiencia próxima á morte.